



2

Manifesto 8 de marzo
Queremos estar en todas

Exposición
Mulleres na historia

Colaboración
Unha experiencia educativa ininovadora dos equipos de igualdade da rede I+B

3

VII encontro da MMM na Galiza

Consello escolar
Un espazo desde o que pular pola coeducación

4

De mel e fel

Para ver...

Para ler...

“QUEREMOS ESTAR EN TODAS”

A pesar do importante incremento de mulleres no mercado de traballo e de que as mulleres estamos hoxe significativamente máis preparadas que as de hai só dúas décadas, a pesar de que nós somos as que chegamos en maior número á universidade, obtemos notas máis elevadas e finalizamos antes os estudos, porén **o mercado de traballo non responde ás nosas expectativas.**

Somos as mulleres as que seguimos sufrindo a discriminación laboral e temos **máis dificultades para encontrarmos emprego.** Somos nós as que accedemos aos **postos menos remunerados**, aos de baixa cualificación e aos **traballos a tempo parcial.** Somos nós as que sufrimos a discriminación salarial e as que, só polo feito de sermos mulleres, recibimos **salarios inferiores aos varóns en postos de igual categoría.** Somos nós as que **sufrimos a crise e o paro antes que os homes**, superando a nosa taxa de paro en dez puntos ao paro masculino. Somos nós as que sufrimos a falta de implicación dos nosos compañeiros varóns nas **tarefas familiares**, obrigas domésticas e coidado de fillos e fillas, repercutindo en xornadas interminábeis, dificultades no acceso ao emprego e, en moitos casos, a renuncia a postos que poidan dificultar a conciliación e a aceptación de modalidades de contrato a tempo parcial ou traballo precario. Somos nós as que temos **maior perigo de exclusión social**, especialmente as inmigrantes. Somos nós as que formamos a maior parte das familias monoparentais – aínda que debésemos chamalas “monoparentais”- e, por iso, sufrimos problemas económicos, **insuficiencia de servizos** de garderías e de atención a persoas dependentes. Somos nós as que sufrimos a **segregación horizontal**, que segue estando presente nos traballos claramente feminizados e outros masculinizados, véndonos limitadas a sectores máis reducidos que os homes.. En termos xerais e tendo en conta todos estes factores, poderíamos concluir que **as mulleres concentramos todos os índices que poden considerarse definitorios de precariedade laboral.**

Por todo isto, desde a **Asemblea de Mulleres do STEG**, para erradicar todo tipo de discriminación de xénero, consideramos urxente rearmar a conciencia crítica sobre os mecanismos de perpetuación das desigualdades. Consideramos necesario romper cos estereotipos de xénero que impregnan a nosa sociedade e abreila en igualdade de condicións e de dereitos a toda a poboación. Consideramos imprescindible educar en igualdade ás nosas fillas e aos nosos fillos, á nosa mocidade, na escola e nas familias e en todos os ámbitos da súa vida. Só desta maneira lograremos vivir nunha sociedade plural e respectuosa, máis xusta e igualitaria.

Somos nós as que **sufrimos a crise e o paro antes que os homes**, superando a nosa taxa de paro en dez puntos ao paro masculino.

Somos nós as que concentramos todos os índices que poden considerarse definitorios de **precariedade laboral.**

Somos nós as que sufrimos a **segregación horizontal**, que segue estando presente nos traballos claramente feminizados e outros masculinizados.

Somos nós as que temos maior perigo de **exclusión social**, especialmente as inmigrantes.

Por iso, neste 8 de marzo, día Internacional da Muller traballadora,
QUEREMOS ESTAR EN TODAS.

EXPOSICIÓN MULLERES NA HISTORIA

Temos a disposición daqueles centros que a desexen, a **exposición Mulleres na Historia**, realizada polo Colectivo 8 de Marzo do IES Pontepedriña durante o curso 2006-2007.

A exposición consta de 60 paneis explicativos que abranguen desde as primeiras reivindicacións feministas durante a Ilustración, ata as numerosas mulleres que no século XXI loitan desde moi diversos ámbitos por construír unha sociedade máis xusta.

Olimpia de Gouges (1748 - 1793)

Profílica escritora e política, os seus traballos foron profundamente feministas e revolucionarios. Defendeu a igualdade entre o home e a muller en todos os aspectos da vida pública e privada, incluíndo a igualdade co home no dereito ao voto, no acceso ao traballo, a falar en público de temas políticos, a acceder á vida política, a posuír e controlar propiedades, a formar parte do exército, á igualdade fiscal así como o dereito á educación e á igualdade de poder no ámbito familiar e eclesástico.



Redactou a Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá en 1791, na que reclama para a muller os mesmos dereitos que a Declaración dos Dereitos do home e do Cidadá recoñecía exclusivamente para o home en 1789, sinalando ademais que “a ignorancia, o esquecemento e o desprezo dos dereitos da muller son as únicas causas dos males públicos e da corrupción dos gobernos”.

Olimpia denunciaba que a revolución francesa esquecera ás mulleres no seu proxecto igualitario e liberador. Foi executada en 1793.

Desde o STEG somos conscientes da necesidade de que se coñeza esta historia que apenas aparece nos libros escolares, polo que agradecemos ao profesorado que realizou este traballo que xenerosamente o ceda para que poida chegar a canta máis xente mellor. No noso labor de difusión, desde a Asemblea de Mulleres do STEG desexamos destacar a calidade da mesma, e queremos abrir a posibilidade de compartir experiencias coeducativas entre o profesorado, polo que **vos convidamos a poñervos en contacto connosco para solicitar o préstamo gratuito da exposición por un período de dúas semanas**, ou para facer apartacións que desexedes compartir e as que lle podamos dar difusión.

CALENDARIO 2009

Un ano máis, desde a Asemblea de Mulleres do STEG publicamos o calendario “**Tempo de Mulleres. Mulleres no Tempo**”, coas nosas propostas didácticas para traballar na aula ao longo de todo o curso. Este ano incluímos máis mulleres científicas, nun esforzo por introducir no ensino modelos de mulleres alternativas, e incitar á reflexión sobre o ocultamento sistemático das súas achegas, que se segue a perpetuar a través dos libros de texto e a práctica educativa. **Tédelo á vosa disposición nas nosas sedes.**



COLABORACIÓNS

Unha experiencia educativa innovadora dos equipos de igualdade da rede de oficinas I+B

No mes de xuño, os equipos de Igualdade das Oficinas de Igualdade e Benestar do territorio galego (Oficinas I+B de As Pontes, Carballo, Monforte de Lemos, O Carballiño, Gondomar e O Porriño) puxéronos a traballar no deseño dun programa educativo que se está a desenvolver neste curso escolar no primeiro ciclo de educación secundaria, aínda que nalgúns casos, para adecuarse á realidade dalgúns concellos e comarcas, tamén no último ciclo de primaria.

A finalidade do noso traballo nas comarcas é favorecer que a comunidade escolar incorpore a perspectiva de xénero nas súas intervencións educativas, partindo da premisa de que os centros escolares constitúen espazos idóneos para facer efectivo o principio de igualdade de xénero, entendendo que esta intervención necesita do acompañamento e da implicación do resto de axentes de socialización.

Desde o seu inicio, na fase de deseño do programa, tiñamos claro que apostábase por un programa de calidade, baseado na reflexión e na adopción de actitudes críticas que permitiran ao alumnado comezar a cuestionar moitos pensamentos, actitudes, accións ou comportamentos da súa vida diaria, aprendendo a ter unha visión crítica e máis igualitaria a través das lentes de xénero.

Empregamos unha metodoloxía vivencial-práctica sustentada en situacións reais ou simuladas que lle permita ao alumnado darlle sentido e significado ás actividades propostas. Para iso combínanse, con diferentes formatos, dinámicas para favorecer procesos de reflexión individual e de auto-análise con actividades grupais, que permiten tarefas de pescuda e análise.

Polo de agora, podemos facer un balance positivo sobre o acollemento que tivemos nos centros educativos, pois recibiron con ilusión a proposta e amosaron a súa vontade e compromiso de participación para que o programa saia adiante e poida continuar a longo prazo.

No referente á intervención directa co alumnado, as dificultades xurdidas durante o desenvolvemento do programa sérvennos para mellorar as nosas estratexias, así como para identificar as múltiples potencialidades dos grupos, que co transcurso das sesións van cristalizando nunha maior motivación e en pequenos cambios nas actitudes.

Aínda que non se realizou unha avaliación final, as conversas que mantemos diariamente co profesorado, co persoal dos equipos directivos e cos departamentos de orientación, amosan a necesidade de complementar o programa cunha estratexia de intervención centrada no asesoramento e colaboración co profesorado de cara a crear sinerxías que identifiquen e transformen as fendas de xénero e a visión androcéntrica aínda asentada na organización escolar, nos seus rexistros e nas súas prácticas diarias.

Moitas grazas a todas as persoas que cren cada día na igualdade de xénero e no desenvolvemento deste programa e, que cos seus pensamentos e accións fan que poida seguir adiante.

Persoal dos Equipos de Igualdade da Rede de Oficinas I+B

Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES PARA CAMBIAR O MUNDO CAMBIAR O MUNDO PARA CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES

Con este lema circular, a Marcha Mundial das Mulleres, identificou o seu VII Encontro Internacional que se celebrou en Vigo a semana do 14 ao 20 de outubro pasado.

As actividades desenvolvidas durante esta semana tiveron diferente difusión, xa que boa parte delas, foron internas, coa participación de 48 países representados por 136 delegadas, de todas as rexións do mundo, que en grupos de traballo, tentamos concretar os diferentes temas a debater, recollidos nunha apretadísima axenda.

Outras actividades do Encontro foron públicas, como a acción contra a comida lixo fronte ao Alcampo de Coia, Foro sobre Soberanía Alimentaria, cea de sororiedade entre mulleres galegas e as delegadas da MMM, acción do Milladoiro, Encontro de Feministas Mozas, Feira sobre Soberanía Alimentaria e Manifestación, que baixo o lema "Mulleres en Marcha até que todas sexamos Libres" recollelmos en todas as falas e coa certeza que temos as mulleres da Marcha, que lograremos vivir nun mundo con dereitos, sen machismo e en paz.

Nos debates internos, ademais das delegadas da MMM contamos con observadoras de países interesados en integrarse, como Inglaterra e Dinamarca, delegadas de organizacións aliadas á Marcha, como Vía Campesiña e Mulleres de Negro, e delegadas de diferentes organizacións de mulleres indíxenas. Entre os temas a debater, destacar por ser básicos para a organización, o seguimento do Plano Estratégico nas diferentes Rexións, a concreción das accións para o 2009 e 2010, e como garantir a participación das mulleres indíxenas no Comité Internacional.

Os nosos catro campos de acción son, a Paz e a desmilitarización; o Ben común, soberanía alimentaria e acceso aos recursos e á biodiversidade; a Violencia cara as mulleres como ferramenta de control dos corpos, a vida

e a sexualidade das mulleres; e o Traballo das mulleres.

Como movemento internacional enraizado no local, a Marcha baséase nas mobilizacións feministas, provocando tensións entre dous niveis de solidariedade, a internacional e a local-nacional, tensión superada cando somos quen de percibir o vínculo entre o papel das institucións internacionais e as causas da pobreza e da violencia, co cotiá das mulleres. Por isto, as accións aprobadas para o 2010, teñen como base o feito de que xuntas actuamos de forma permanente na resistencia e na construción de alternativas baseadas na paz, xustiza, igualdade, liberdade e solidariedade.

Así, no 2010, faremos escoitar aínda máis forte as nosas voces, sobre todo nas datas do 8 de marzo e o 17 de outubro. No 8 de marzo desenvolveranse diferentes Marchas, cheas de cores e ritmos, para abrir o calendario de mobilizacións e celebracións dos 100 anos da Declaración do Día Internacional das Mulleres. E tamén, en torno ao 17 de outubro, haberá Marchas e outras accións simultáneas arredor do mundo, que se sumarán á nosa presenza para reclamar a fin da violencia e a pobreza en Sud Kivu, República Democrática do Congo.



¡estaremos en marcha até que todas sexamos libres!

Participaron 48 países representados por 136 delegadas, de todas as rexións do mundo.

Ademais das delegadas da MMM contamos con observadoras de países interesados en integrarse, como Inglaterra e Dinamarca, delegadas de Vía Campesiña, Mulleres de Negro así como de diferentes organizacións de mulleres indíxenas.

Os nosos catro campos de acción son: a paz ,o ben común , a violencia cara as mulleres e o traballo das mulleres.

No 2010, faremos escoitar aínda máis forte as nosas voces, sobre todo nas datas do 8 de marzo e o 17 de outubro.

O CONSELLO ESCOLAR: UN ESPAZO DESDE O QUE PULAR POLA COEDUCACIÓN

O nomeamento dentro dos **Consellos Escolares**, desde este curso, dunha persoa responsable de promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nos centros educativos, fornécenos dunha ferramenta máis coa que pular por construímos unha verdadeira escola coeducativa. Por escola coeducativa entendemos aquela que recoñece que non é un espazo neutral, senón un no que se transmiten valores patriarcales asumidos como tradicionais e que contribúen a perpetuar as diferenzas entre homes e mulleres; **escola que asume como un dos seus principais obxectivos a eliminación dos estereotipos entre sexos**. Velaí unha das tarefas máis difíciles, na nosa opinión, da persoa que asuma esta responsabilidade: visibilizar as prácticas cotiás dentro de todo o sistema educativo que reproducen o sexismo. Entendemos que a escasa implicación de parte do profesorado coa coeducación débese, en grande medida, ao feito de que se considera que realmente non hai prácticas discriminatorias dentro dos centros educativos. **É polo tanto fundamental a formación do profesorado** – comezando pola persoa responsable do CE, xa que nada garante nin tan sequera o seu interese por este tema -, polo que temos aquí unha demanda prioritaria para os CEFORES e para toda a Consellaría: a elaboración dun plan de

formación do profesorado en coeducación. A falta polo de agora deste, desexamos recoller aquí algúns dos aspectos que nos parecen máis salientables do **Plan**

Unha verdadeira práctica coeducativa debe pular por:

1. facilitar o coñecemento das diferenzas entre os sexos.
2. promover prácticas educativas igualitarias.
3. fomentar cambios nas relacións de xénero.
4. corrixir o desequilibrio de responsabilidades entre o profesorado.

de Igualdade entre Homes e Mulleres en Educación elaborado pola Junta de Andalucía, xa que pensamos que nesta andaina que se inicia en moitos centros educativos, é importante non perder ningunha oportunidade de intervir en prol da coeducación

É fundamental, pois, recoñecer que a cultura patriarcal privilexia o referente masculino, que presenta como universal, xerarquizando as diferenzas ao asignar un desigual valor a ser home e ser muller, converténdoas nunha fonte de desigualdade e de discriminación. **Temos que ensinar a valorar a riqueza que supón a diversidade de xeitos de ser home e de ser muller**, primeiro paso fundamental para establecer unhas relacións de igualdade. Debemos **promover unha linguaxe non sexista** en todo o centro, **elixir materiais curriculares coeducativos** – demandando ás editorías especificamente que contemplan este aspecto- , pular por unha **orientación laboral e académica non sexista**, vixiar que **os patios e os espazos escolares se empreguen de forma compartida** e non excluinte, incentivar **proxectos coeducativos para a AMPA**, que favorezan o reparto de responsabilidades domésticas desde as familias, **promover a responsabilidade das mulleres nos postos de decisión dos centros...**

Unha tarefa tan inxente coma apaixonante, para a que é fundamental compartirmos experiencias, facilitando así a innovación en temas de igualdade de sexos.

A redución da idade de xubilación das redeiras aprobada hai uns meses polo pleno do Congreso dos Deputados, que non estaban incluídas no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, vén poñer fin a unha das discriminacións que este colectivo sofre como consecuencia de que o seu traballo non fose considerado, na súa orixe, unha actividade laboral en si mesma, senón un labor de apoio ao traballo desempeñado polos homes. Noutra liña de actuación, a convocatoria de axudas para incentivar **a afiliación á Seguridade Social das mulleres cotitulares de explotacións agrarias** -o 55% da man de obra agrícola en Galiza son mulleres- persigue que arredor de 10.000 poidan incorporarse á SS cunha redución do 50% das cotas.

Ambas son medidas insuficientes para paliar a dobre discriminación que estas traballadoras sofren, por seren mulleres e por pertenceren a sectores económicos en grave crise na nosa sociedade, pero sen dúbida terán **efectos reais positivos na vida de moitas galegas** ás que lles chegaron demasiado tarde moitas outras conquistas do movemento feminista. Haberá que seguir pulando para que a perspectiva de xénero permee todas as políticas públicas e afonde na aplicación de medidas de acción positiva que aceleren a consecución de obxectivos que melloren a calidade de vida de tantas mulleres.

A crise pagámola nós, as mulleres. O informe **“O impacto da crise desde a perspectiva de Xénero”**, realizado pola Conferencia Regional sobre la Mujer de América Latina y Caribe, reflicte que a crise económica mundial agravará os obstáculos que as mulleres atopan de sempre no mercado laboral: falta de oportunidades, informalidade e desemprego, afondando a brecha a respecto dos homes. Outro dos efectos da crise será o recorte do gasto social, o que provocará unha maior presión sobre os fogares, e é ben sabido que aquelas tarefas das que se desentenden os estados, recaen fundamentalmente sobre as mulleres, que as realizan de balde. Mais unha vez, temos probas da fragilidade da conquista dos dereitos das mulleres, que son os primeiros en seren recordados cando a súa defensa supón un custo “socialmente inasumible” ante os “privilexios” dos varóns.

“Afacerse é outro xeito de morrer”. Esta frase da escritora Dulce Chacón lémbra nos que ano tras ano teremos que incluír nesta sección

ás miles de mulleres vítimas da violencia de xénero, pois sen dúbida segue a ser a peor das caras da sociedade patriarcal na que vivimos. Máis alá das cifras, sempre inaceptables, queremos alertar sobre a lectura que se vén facendo nos últimos meses sobre a correlación entre o aumento das denuncias e o impacto da crise económica sobre as familias. Ademais de confundir do xeito máis simplista posible a correlación estatística e a causalidade, envía a mensaxe de que a violencia de xénero depende da economía, e non do machismo. Apesares dos múltiples informes que reflicten que a violencia de xénero é un problema estrutural que afecta a todas as clases sociais, semella que hai aínda quen pensa que é máis doado atopar un maltratador albanel que profesor de universidade, e xa non digamos se se trata dun parado. Ata pode que sintamos a tentación de escusalo... Estes argumentos, e a súa ampla difusión, non deixan de ser un sintoma da resistencia desta sociedade a admitir a profundidade do machismo e das súas consecuencias.

Para ver...

Tuya de hun shi (“A voda de Tuya”)
Wang Quan'an

Oso de Ouro en Berlín no ano 2007, a película está ambientada na Mongolia interior, onde Tuya, a protagonista da historia, tense que facer cargo do rabaño de ovellas da familia, de todos os traballos da casa, dos seus fillos e do seu home, inválido logo de sufrir un accidente. Unha situación que se volve insostible cando os seus problemas de lombo ameazan con deixala tamén a ela eivada. A única solución posible para ela é divorciarse e casar con outro home que se poida facer cargo das tarefas que ela non pode desenvolver. Os pretendentes serán numerosos para unha muller traballadora coma ela, pero Tuya porá como condición poder seguir a coidar dos seus fillos e do seu home. A película reflicte a lóxica dunha vida estremadamente dura, aceptada con excepcional resignación polos seus protagonistas, na que o traballo constante semella aplastar as emocións e os sentimentos que, porén, alimentan toda a historia.



XXY
Lucía Puenzo



Alex ten 15 anos e ten difícil definir a súa identidade sexual. Naceu co que os médicos chaman ambigüidade xenital, e os seus pais optaron por non decidir por ela/el determinándolle o sexo mediante unha operación na infancia. Porén, na puberdade, cando os caracteres sexuais secundarios se desenvolven, vólvese máis acuciante a decisión de se decantar por unha opción, ante o temor ao rexeitamento social. As dificultades coas que se atopa nunha sociedade na que “o corpo é o destino”, serven para reflexionar sobre o papel que a identidade sexual ten en todas e cada unha das experiencias das nosas vidas, e na incapacidade socialmente aprendida de relacionarnos con persoas sen termos previamente dirimido a que sexo pertencen.

Para ler...

O clan da loba
Maite Carranza

Temos en galego o primeiro volume da triloxía desta antropóloga catalá, profesora de instituto, inspirado na tese da antropóloga Margaret Murray que defendía a idea – nunca demostrada- da supervivencia de antigas sociedades matriarcais. A protagonista é unha adolescente que descubre que pertence a unha xenealoxía de mulleres bruxas, que non son senón mulleres sabias que, por medio da transmisión oral, transmiten os seus coñecementos e poderes ás agachadas dos homes. Un libro que se está a converter nun best-seller xuvenil, na que a protagonista o é por méritos propios, e non por ser a moza dalgún afamado aprendiz de bruxo... Unha excelente alternativa para o noso alumnado tan pouco afeito a tramas nas que as heroínas e as súas rivais sexan mulleres. Pode que ao lelo, ademais de disfrutalo, entendan aquilo do déficit de representación das mulleres en todos os ámbitos, incluída a literatura de aventuras.



Coeducación afectivo-emocional e sexual
SGL - Xunta de Galiza



O SGL vén de tirar do prelo esta guía realizada polo Grupo Lúa Crecente, constituído por catro mulleres que nos ofrecen un valioso recurso para a intervención coeducativa no ámbito afectivo-emocional e sexual. Dirixida a nenos e nenos de entre 3 e 11 anos, o contido da guía responde a un modelo de intervención educativa no ámbito das actitudes, fundamentado nos principios da psicoloxía dinámica. O traballo que parte da consideración de que o que sentimos as persoas, cara nós mesmas e cara as demais, é o que nos predispón a actuar e o que determinan o noso grado de satisfacción e benestar. A iniciativa de elaborar esta guía responde ao intento de satisfacer a necesidade de recursos que se precisan na escola para un labor educativo de tanta responsabilidade como este, coa garantía que dá o feito de teren sido levado ás aulas por compañeiras e compañeiros nosos antes de seren definitivamente incluídos na guía.

O segundo sexo - "Os feitos e os mitos"
Simone de Beauvoir

60 anos despois da súa publicación, aproveitamos a saída do prelo en galego desta obra fundacional da chamada “segunda vaga feminista” para recomendar, unha vez máis, a súa lectura. Neste primeiro tomo -aínda teremos que esperar para ler o segundo na nosa lingua- a autora deconstrúe os grandes discursos occidentais para analizar o que é a muller. Unha análise brillante, con plena vivencia 60 acelerados anos despois, sobre como a bioloxía, a psicanálise, o materialismo histórico e a mitoloxía contribúen a construír un discurso no que a dualidade home-muller non é fonte de relatividade e reciprocidade, senón que un sexo, o masculino, constitúese como o esencial, e outro, o feminino, como alteridade pura. Unha obra fundamental para deconstruír o proceso de socialización que nos conforma como o “outro” sexo, e podemos construír a nosa identidade desde os nosos propios criterios. Porque se “non se nace muller, chégase a selo”, teremos que ser nós mesmas que nos fagamos ao noso gusto, con ferramentas tan poderosas como esta

